

DOMINGO INFRAOITAVA DE NADAL C

SANTA FAMILIA DE XESÚS, MARÍA E XOSÉ

PRIMEIRA Sir 3, 3-7. 14-17a (gr. 2-6. 12-14)

Quen teme ó Señor honra ós pais

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DO ECLESIAÍSTICO

O Señor honrou ao pai máis cós fillos
e afincou o dereito da nai sobre o dos nenos.
Quen honra a seu pai redime as culpas.
Quen enxalza a súa nai é coma quen atesoura.
Quen honra a seu pai gozará dos fillos
e cando vaia pregar será atendido.
O que respecta ao pai terá vida longa
e quen obedece ao Señor daralle consolo a súa nai
Meu fillo, persevera no honrar a teu pai,
non o desatendas nos días da túa vida.
Aínda que perda o xuízo, tenlle miramento
e non o aldraxes todo o tempo que viva.
O ben que se lle faga a un pai non será borrado,
hache valer coma compensación do pecado;

SALMO RESP. Sal 127, 1-2. 3. 4-5.

R/ (cf 1): Ditosos os que temen ao Señor e van polos seus camiños.

Ditosos os que temen ao Señor
e van polos seus camiños.
Cando comes do froito das túas mans,
ditoso ti e afortunado.

A túa muller é coma parra fecunda
no medio da túa casa.
Os teus fillos coma gromos de oliveira
arredor da túa mesa.

Así é bendito
quen teme ao Señor.
Bendígate o Señor desde Sión,
que vexas na prosperidade a Xerusalén
todos os días da túa vida,

SEGUNDA Col 3, 12-21

Vida familiar na presenza do Señor

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO ÓS COLOSENSES

Irmáns e irmás:

Coma elixidos de Deus, santos e benqueridos, revestídevos de sentimentos de misericordia, de bondade, de humildade, de sinxeleza, de tolerancia. Aturádevos uns aos outros e perdoádevos, cando un teña queixa doutro; coma o Señor vos perdoou, perdoádevos tamén vós. E, por riba de todo isto, cinguídevos co amor, que é o lazo que todo o une e leva a perfección. Que a paz de Cristo governe os vosos corazóns, xa que a ela vos chamaron coma membros dun mesmo corpo. Sede tamén agradecidos.

Que a palabra de Cristo habite en vós con toda a súa riqueza. Ensinádevos e alentádevos uns a outros o mellor que saibades. Co corazón cheo de agradecemento cantádelle a Deus salmos, himnos e cántigas inspiradas. E todo canto fagades, de palabra ou de obra, facédeo para honra de Xesús, o Señor, dándolle grazas a Deus Pai por medio del.

ALELUIA Col 3, 15a. 16a

Que a paz de Cristo reine nos vosos corazóns;
que a palabra de Cristo habite abondosamente en vós

DOMINGO INFRAOITAVA DE NADAL C

SANTA FAMILIA DE XESÚS, MARÍA E XOSÉ

EVANXEO Lc 2, 41-52

Xesús é encontrado polos seus pais no medio dos doutores

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Polas festas da Pascua os pais de xesús ían todos os anos a Xerusalén. E así, cando o neno tivo doce anos, subiron á festa, conforme a tradición. Pasados aqueles días, cando eles voltaban, o neno Xesús quedou en Xerusalén, sen que seus pais se decatasen. Coidando que iría na comitiva, fixeron unha xornada de camiño; entón buscárono entre os parentes e coñecidos. Pero como non deron con el, volveron a Xerusalén para buscalo. E resulta que, ao cabo de tres días, atopárono no templo, sentado no medio dos doutores e dialogando con eles. Todos os que o escoitaban estaban asombrados do seu talento e das súas contestacións. Ao velo, ficaron moi impresionados, e a súa nai preguntoulle:

- ¡Meu fillo! Como te portaches así connosco? Mira que o teu pai e mais eu andamos cheos de angustia en busca túa.

El respondeu:

- E logo por que me buscades? Seica non sabíades que eu teño que estar na casa de meu Pai?

Pero eles non entenderon a resposta. Baixou con eles a Nazaret, e vivía baixo a súa autoridade. A nai conservaba todas estas cousas no seu corazón.

Xesús medraba en estatura, en sabedoría e en graza diante de Deus e máis dos homes.